Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/38/2022	GOB16I0IP	
3V2F5M1C6D6A1M3A0ZPF		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTESETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/DªMARIAN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **NON ASISTE:** D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª M.PILAR CANZOBRE MENDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintesete de outubro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA , MARIAN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2º .- PROPOSTA DE SOMETEMENTO A AUDIENCIA DOS INTERESADOS DUN ÁMBITO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NO LG. DE NELLE-CASTRO, PROMOVIDO POR MªFERNANDA RODRÍGUEZ PAZ E ENRIQUE RODRÍGUEZ PAZ..-

(…)

Primeiro.- Someter a audiencia dos interesados polo ***prazo dun mes*** *o ámbito para a normalización de fincas sito no Lg. de Nelle- Castro (parcelas con referencias catastrais 6315802NJ6261N, 6315803NJ6261N e 6315804NJ6261N) proposto por María Fernanda Rodríguez Paz e Enrique Rodríguez Paz.*

Segundo.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados.”

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O Concelleiro – Delegado de Urbanismo propónlle á Xunta de Goberno local a aprobación do dito informe proposta transcrito en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NA ESTRADA DE CASTELA ESQUINA CAMIÑO DO PINO E RÚA SAN ANDRÉS, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE NARÓN.**.-

(…)

Primeiro.- **Aprobar inicialmente** o proxecto de normalización de fincas en Estrada de Castela esquina Camiño do Pino e rúa San Andrés (parcelas coas referencias catastrais 5569082NJ6156N, 5569083NJ6156N, 5569001NJ6156N e 55690A5NJ6156N) asinado dixitalmente en data 18.10.2022 polo avogado César Pérez Maldonado e pola arquitecta María Meroño Pardo de Vera, e promovido polo Concello de Narón.

Segundo.- Someter a información pública o proxecto aprobado polo prazo **dun mes**, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia así como no taboleiro de edictos deste Concello. Durante este período será solicitada a correspondente autorización da administración titular da estrada AC-862: Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Terceiro.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados."

O Concelleiro- Delegado de Urbanismo propónlle á Xunta de Goberno local a aprobación do dito informe proposta transcrito en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4º **.- PROPOSTA DE COMUNICACIÓN ERRO NO DNI, LIQUIDACIONS INMOBLE MARIA LUISA REGO LORENZO, RUA CERRALLON DE ABAIXO, 11, 3**.-

1º.- Rectificar o erro de feito existente nos padróns de contribuíntes da taxa de RSU e PPPNT do 1º trimestre de 2022 que foi elaborado pola mercantil COSMA, SA aprobado pola Xunta de Gobermo Local en sesión de 24.03.2022 no que atinxe ao identificador fiscal do suxeito pasivo (….) recollido no título desta proposta.

2º.- Rectificar o erro de feito existente nos padróns de contribuíntes da taxa de RSU e PPPNT do 2º trimestre de 2022 que foi elaborado pola mercantil COSMA, SA aprobado pola Xunta de Gobermo Local en sesión de 23.06.2022 no que atinxe ao identificador fiscal do suxeito pasivo (….) citado no título desta proposta.

3º.- Notificar o presente acordo ao Servizo de recadación da Deputación Provincial de A Coruña para que leve a cabo as rectificacións oportunas nas súas base de datos dos seguintes valores:

Valor nº	**Nº Liquidación orixe**	**Concepto**	**Periodo**	**Importe principal (€)**
20223515055OR09L000753	22020002197	PPPNT auga/saneamento	1ºT/2022	41,53
20223515055RL14L000535	22020021875	TAxa RSU	2ºT/2022	27,66
SEN DETERMINAR. PENDENTE CARGA EN APLICATIVO SIXT DEPUTACIÓN	22020020217	PPPNT auga/saneamento	2ºT/2022	40,35

4º.- Notificar o presente acordo ao interesado.

5º.- Dar conta do presente acordo ao Servizo de Facenda aos efectos oportunos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es